

APORTACIÓNS AO PATRIMONIO CULTURAL DE VILALBA. UNIDADES TRADICIONAIS DE MEDIDA NA CAPITAL DA TERRA CHÁ.

MARÍA CRESPO VÁZQUEZ

M^a DE LOS ÁNGELES GARCÍA LOSADA

*Facultade de Formación de Profesorado. Lugo
Universidade de Santiago de Compostela*

*Ollada a Terra Chá dende as alturas
é semellante a un mar en calma.*

*Pra medila só valen dúas mensuras:
¡ferrados de corazón, fanegas de alma!*

Manuel María

LIMIAR

O traballo que se inclúe neste artigo, foi desenvolvido no curso 2009-2010 pola alumna (hoxe mestra) María Crespo Vázquez e dirixido pola profesora M^a Ángeles García Losada, e acadou o “Premio á Excelencia Lingüística dos traballos académicamente dirixidos”, que anualmente convoca a Universidade de Santiago de Compostela.

A razón de propoñer traballos sobre as unidades tradicionais de medida (UTM) é recuperar e conservar unha parte da riqueza etnográfica dos nosos pobos, a que atinxe ao uso dese tipo de unidades. Os estudantes adoitan non ter moito coñecemento sobre o tema e o feito de levar a cabo esta investigación, serviralles tamén para homenaxear aos seus antergos e aos seus maiores, que son os principais protagonistas.

O coñecemento sobre as UTM forma parte da nosa cultura e, xa que logo, do noso patrimonio histórico e cultural, e paga a pena conservalo.

PRESENTACIÓN

Este traballo ten como tema as unidades tradicionais de medida que se usaban e, nalgún caso, aínda se utilizan, en Vilalba. Porén, antes de comezar a falar delas, é idóneo facer referencia á localización xeográfica da vila e non está de máis realizar unha aproximación aos aspectos socio-económicos que a definen. Deste xeito, conséguese ofrecer un contexto da zona na que se realizou esta investigación.

Posteriormente, indícanse as fontes de información, tanto as orais como as escritas e gráficas. E, inmediatamente despois, comézanse a explicar as unidades tradicionais de medida de Vilalba, establecendo unha comparación co Sistema Métrico Decimal (proporcionase a equivalencia das medidas no SMD cando se dispón deses datos) manifestando como se usaban e expoñendo as finalidades da súa utilización. Unha vez concluído isto, só queda o derradeiro apartado: as conclusións.

En fin, co propósito de organizar a información, o traballo consta de varias seccións: contextualización, fontes de información, clasificación das unidades de medida e conclusións.

CONTEXTUALIZACIÓN

Neste apartado faise referencia á súa localización xeográfica e aos modos e medios de vida da súa xente, o que sen dúbida, veu determinando o tipo de unidades de medida empregadas nos seus quefaceres cotiás.


a. Localización

A Terra Chá é a comarca máis extensa de Galicia, cuns 1900 km² de superficie. Está situada na zona interior da provincia de Lugo, e bastante ao Norte. A continuación amósase un mapa de Galicia dividido en concellos. Aqueles que pertencen á Terra Chá están sinalados mediante as letras: A, B, C, D, E, F, G, H, I, que se corresponden, respectivamente, con: Vilalba, Xermade, Muras, Abadín, A Pastoriza, Castro de Rei, Cospeito, Begonte e Guitiriz.

Desde o punto de vista paisaxístico, está considerada a bisbarra mellor definida de todo o territorio galego. Polo Norte e polo Oeste, as montañas rodean a Terra Chá; son, principalmente: as serras da Cova da Serpe, da Loba, da Carba e o Cordal de Neda. A Serra de Meira establece o límite oriental, mentres que polo Sur, son os ríos os que poñen os marcos á comarca: o Parga ao xuntarse co Ladra, e este ao unirse ao Miño.

A bisbarra chairega consta dos seguinte municipios: Muras, Xermade, Guitiriz, Begonte, Cospeito, Castro de Rei, A Pastoriza, Abadín e Vilalba.

Vilalba é a capital da Terra Chá. Atendendo á súa localización na comarca, hai que sinalar que ocupa unha situación céntrica, polo que limita cos outros concellos chairegos, agás con dous: A



Pastoriza e Castro de Rei. Ao Norte limita con Xermade, Muras e Abadín; ao Sur, con Guitiriz, Begonte e Cospeito; ao Oeste, con Xermade e Guitiriz; e ao Leste, con Abadín e Cospeito.

A extensión do concello vilalbés é de, aproximadamente, 380 km², repartidos en 29 parroquias e a vila, capital municipal. As 29 parroquias son: Alba, Árbol, Belesar, Boizán, Carballido, Codido, Corbelle, Costa, Distriz, Goiriz, Gondaísqe, Insua, Ladra, Lanzós, Mourence, Nete, Noche, Oleiros, Rioaveso, Román, Samarugo, Sancovade, Santaballa, Soexo, Tardade, Torre, Vilapedre e Xoibán.

O concello de Vilalba está concello ocupado na súa meirande parte por unha extensa chaira. A altitude media con respecto ao nivel do mar é de 450 metros. Porén, tamén hai algunha serra: ao Norte, a Serra da Carba, e cara ao Sursuroeste, A Pena do Mirador.

No tocante aos ríos, hai que sinalar que son varias as correntes de auga que atravesan o concello vilalbés, ata ir desembocar, a maioría delas, ao Miño (existen uns pequenos ríos que van ao Eume). O río máis importante de Vilalba é o Madalena, que nace en Lanzós e ten numerosos afluentes. Outro río relevante é o Trimaz, que discorre desde a Serra da Carba ata a Ponte dos Novos, lugar no que conflúe no Madalena. A partir de entón, Madalena e Trimaz forman o río Ladra.

Vilalba presenta un clima oceánico, cunhas temperaturas suaves (uns 11°C de media, que ascenden ata 18°C no período estival). Estas condicións meteorolóxicas favorecen a formación de prados e bosques de carballos, bidueiros e amieiros, moi característicos neste concello.

Todos estes datos veñen determinar o modo de vida dos lugareños e os medios dos que dispoñen.

b. Modos e medios de vida

Antigamente, o nome de Vilalba non correspondía a unha vila. Entre os romanos, “vila” servía para denominar un conxunto de casa illadas. De feito, durante a Idade Media, no lugar que hoxe se considera o centro da vila, só había un castelo rodeado por unhas poucas casas.

Nos albores do século XIX, tan só había 90 familias residindo na vila. Entre os veciños vilegos estaba o Alcalde- Xuíz, que contaba cun enorme poder, xa que os Condes (señores de Vilalba) non visitaban moito este lugar. Ademais, había escribáns, fidalgos, labregos,... Non faltaba un médico, contratado polos veciños, nin un boticario. Porén, nas terras que pertencían a Vilalba e que se atopaban fóra da vila, a maioría das persoas eran labregos e gandeiros, sendo estes os que facían maior uso das UTM.

O Conde tiña o poder xudicial, tanto no civil como no criminal. Porén, debido a que a súa residencia non se atopaba na vila, estas funcións exercíanse a través dunha figura xa sinalada anteriormente: o Alcalde- Xuíz. Este posto sempre era para un nobre, que realizaba o seu traballo nas dependencias do castelo.

A partir de 1833, coa consolidación do réxime constitucional, Vilalba converteuse en cabeza de Partido Xudicial cun xuíz e un fiscal. Dous anos máis tarde, celebráronse as primeiras eleccións, nas que se elixiu como alcalde a Antonio Yáñez.

No ano 1851 creouse a primeira escola, pero só podían asistir os nenos. Malia pedir unha escola para as nenas en 1852, non foi posible a súa consecución ata 1870.

En datas posteriores, comezouse o empedrado de zonas relevantes de Vilalba, como a Porta de Cima e a Praza do Pan, hoxe praza do Coronel Pena.

No século XX, Vilalba seguiu a evolucionar. Por exemplo, no ano 1909 produciuse a chegada da luz eléctrica, e en 1933, inaugurouse oficialmente o Instituto de Segunda Ensinanza.

Na actualidade, Vilalba é unha gran vila, capital do concello homónimo, que consta da propia vila e de 29 parroquias, mencionadas anteriormente. Ademais, e como tamén quedou sinalado, é a capital da Terra Chá, a maior comarca galega.

Segundo datos dos anos 2008 e 2009, facilitados polo Instituto Nacional de Estatística e polo Instituto Galego de Estatística, a poboación do concello vilalbés é de 15437 persoas (7861 mulleres e 7576 homes). Aproximadamente, un terzo desas persoas residen no casco urbano, capital do concello. Evidentemente, é un número que varía constantemente, debido aos nacementos e ás defuncións, así como aos movementos migratorios. A idade media dos vilalbeses é de 47,7 anos (49,2 anos de media a poboación feminina, e 46,1, a masculina). En canto ao movemento natural da poboación hai que indicar que se producen máis defuncións ca nacementos (existe un saldo negativo dun valor aproximado de 80). Con respecto aos movementos migratorios, débese destacar que o número de inmigrantes (127 en 2008) supera lixeiramente ao de emigrantes (102 nese mesmo ano).

No tocante á ocupación laboral por sectores, é no terciario onde se rexistra un maior número de traballadores. O sector terciario ou sector servizos está seguido, atendendo á súa importancia no concello vilalbés, polos sectores primario e secundario, nesta orde. Porén, o paro non segue esta secuencia. Unha vez máis, o sector servizos sitúase á cabeza da listaxe, pero non está seguido polo sector primario, xa que é neste sector no que existe unha menor taxa de paro.

En relación coa actividade laboral de Vilalba, pódese facer referencia a dous produtos de longa tradición e grande sona no exterior. Estes produtos son: o queixo de San Simón da Costa e o Capón de Vilalba.

O casco urbano vilalbés conta cunha “cidade educativa”, formada por unha Escola de Educación Infantil, dous Colexios de Educación Infantil e Primaria (reciben o nome de dous ilustres vilalbeses: Antonio Insua Bermúdez e Manuel Mato Vizoso) e dous institutos, con nomes de vilalbeses relevantes. Un deles é o Instituto de Educación Secundaria Santiago Basanta Silva, no que se imparten os catro cursos de Educación Secundaria Obrigatoria e mais o Bacharelato. O outro, o Lois Peña Novo, que ofrece varios ciclos de Formación Profesional, ademais do Bacharelato.

A vila ten tamén un Conservatorio de Música, situado no mesmo edificio có Auditorio Municipal. O Auditorio está caracterizado polas grandes dimensións e por ser un dos máis importantes de Galicia. O Auditorio acolle numerosos actos ao longo do ano: obras de teatro, concertos, exposicións de pintura, de fotografía,... Ademais, Vilalba conta cun paseo fluvial ao longo dun treito do río Madalena, así como unha área recreativa situada a carón do río. Nesta área hai un pequeno parque acuático que representa a Torre da Homenaxe, un dos monumentos máis visitados polos turistas, quizais por presentar unha propiedade nada común: ser de planta octogonal.

A riqueza do concello vilalbés non se reduce ao casco urbano, senón que todas as parroquias teñen o seu encanto. Por exemplo: as queixarías de San Simón da Costa, os castros de Belesar, Gondáisque,..., as Escolas Habaneras de Santaballa, Corbelle,... Tamén ten moita sona a Feira do capón que se celebra anualmente uns días antes da Nadal.

Outras feiras tradicionais son o Feirón, o primeiro martes despois do día 16 de cada mes e a Feira, o primeiro domingo de cada mes que non sexa día un, de darse o caso pasa ao segundo domingo. Os días de mercado son os martes e os venres.

En fin, Vilalba é un concello que evolucionou ao longo do tempo ata chegar a converterse no que é hoxe en día, aumentando a poboación, así como as facilidades para os seus habitantes, e chegando a ser moito máis próspero que outrora.

Unha testemuña deste cambio vémosto nas fotografías que aparecen a continuación, tomadas unha fai 40 anos e outra no ano 2007. Ambas as dúas fotografías amosan o mesmo lugar: a rúa da Pravia, segundo a nomenclatura actual. Pero as diferenzas obsérvanse de xeito claro: non hai máis que fixarse nos edificios.



FONTES DE INFORMACIÓN

Este traballo está caracterizado porque as máis importantes fontes de información empregadas para a súa elaboración non coinciden coas que se utilizan na meirande parte das actividades e dos traballos que se propoñen a nivel académico. Se ben é certo que se fixo uso de libros e recursos da Rede (fontes escritas), a información máis relevante provén de fontes orais.

a. Orais

Como xa quedou sinalado, as fontes orais foron as máis relevantes para a realización deste traballo. As unidades tradicionais de medida constitúen un tema do que é complicado atopar información recollida en libros, estudos, páxinas web ou outros soportes escritos. Esa complicación aumenta considerablemente se se ten en conta que o tema debe ser levado a un determinado contexto xeográfico: Vilalba.

Por iso, son as persoas quen mellor pode ofrecer datos, explicacións,... sobre as unidades tradicionais de medida. Isto é debido a que esas persoas empregaron e, nalgúns casos, empregan, esas unidades de medida. Son, en xeral, persoas maiores. Porén, tamén hai xente máis nova que coñece estas unidades, aínda sen usalas, porque se lembran da presenza destas nos tempos da súa infancia.

As fontes orais que outorgaron unha enorme e valiosa información para este traballo son persoas, case todas pertencentes ao concello vilalbés. Estas persoas son as que a continuación se citan:

- Castro Santamariña, Manuel
- Fernández Rodríguez, Nélica
- Gómez Mato, Arturo
- Gómez Polín, Ricardo
- González Novo, Amparo
- Lozano Prado, José Luis (aparellador municipal)
- Pardo Domínguez, Carmen
- Rodríguez Prado, Pilar
- Vázquez González, José

Todas elas enriqueceron este traballo dun ou doutro xeito: ofrecendo explicacións sobre as unidades tradicionais de medida, sobre a forma na que variaron os costumes ao longo dos anos, falando dos modos e medios de vida da xente vilalbesa, etc.

Pero cómpre salientar, que no tocante ao miolo do traballo (as unidades tradicionais de medida en Vilalba), as persoas que puideron brindar unha información máis interesante foron: Carmen Pardo Domínguez, José Vázquez González, Pilar Prado Rodríguez e Amparo González Novo. Persoas con idades comprendidas entre os setenta e oito e os oitenta e oito anos de idade, que pacientemente contestaron ás preguntas que se lles formularon. En ocasións, a conversa sufriu desviacións con respecto ao tema principal, e foi desembocar noutros asuntos relativos a Vilalba, pero que aquí non veñen a conto. Son, por exemplo: as fontes da vila ou o lavado da roupa no río.

b. Escritas e gráficas

As fontes escritas redúcense a un libro, tres folletos (non poden ser considerados libros debido á súa curta extensión) e tres páxinas web. O libro e os folletos foron utilizados no segundo apartado (contextualización). As fontes gráficas proceden dunha colección de fotografías cedida polo Instituto de Estudos Chairegos e por outras fotografías tomadas nas celebracións das feiras mensuais e nalgunhas casas do rural.

A colección de fotografías cedida polo Instituto de Estudos Chairegos consta de parellas de imaxes de varios lugares de Vilalba (cada parella amosa o mesmo lugar), tomadas cunha diferenza de tempo duns corenta anos (entre os anos sesenta e o 2007). Deste xeito, aprécianse os enormes cambios que tiveron lugar en tan só unhas poucas décadas. Neste traballo só se incluíron dúas desas fotografías: a rúa da Pravia (segundo a nomenclatura actual) hogano e antano.

Os demais documentos gráficos, como dicíamos, tomáronse nas casas de veciños do rural e nas feiras mensuais da bisbarra.

As referencias bibliográficas son as seguintes:

1. Concello de Vilalba (2002): *Guía de Vilalba. Guía práctica do Concello de Vilalba*. Vilalba, Concello de Vilalba.
2. Fundación Comarcal Terra Chá: *Terra Chá. Un recorrido por la Chaira*. Vilalba, Fundación Comarcal Terra Chá.
3. OTERO CAO, V. (1958): *Vilalba y su jurisdicción. Páginas históricas*. Folleto incluído en: - OTERO CAO, V.: *Pazos señoriales, castillos y fortalezas de la jurisdicción*. Lugo, Celta.
4. PEÑA NOVO, A. (2002): *Vilalba en el siglo XIX*. Vilalba, Junor.

As páxinas web consultadas foron tres:

<http://lapeseta.iespana.es/monedas.htm>

http://upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/5/5d/Comarca_Terra_Ch%C3%A1.png

http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?paxina=002003001&c=1&ruta=fichas%2Fbdmunicipal_tables.jsp%3FESP%3D27065

A primeira páxina web serviu para obter información sobre o diñeiro, necesaria para o cuarto apartado (clasificación das unidades de medida). Da segunda páxina web extraeuse o mapa de Galicia dividido en comarcas engadido cando se fala da localización de Vilalba (apartado da contextualización). A terceira páxina web, do Instituto Galego de Estatística, utilizouse para explicar os modos e os medios de vida dos vilalbeses, tamén no apartado da contextualización.

CLASIFICACIÓN DAS UNIDADES DE MEDIDA

En Vilalba instaurouse o Sistema Métrico Decimal no ano 1887. Pero as unidades tradicionais de medida empregadas ata entón non desapareceron, senón que seguiron sendo utilizadas pola xente. Actualmente, aínda se poden ofrecer exemplos do seu uso. Hai que buscalos no ámbito rural, entre a xente de moita idade. Tamén nas transaccións que teñen lugar nas feiras, fundamentalmente na venda de produtos da horta

Neste traballo, para mencionar as unidades tradicionais de medida do concello vilalbés, para ofrecer a súa equivalencia no Sistema Métrico Decimal, así como para explicar como se usaban e con que finalidade, establécese unha clasificación. Esta clasificación consiste en agrupar as medidas segundo a magnitude á que se refiren, isto é, lonxitude, superficie, masa, capacidade, tempo ou diñeiro.

Hai que ter sempre presente que estas unidades variaban dun lugar a outro, mesmo fronteirizo.

a. Lonxitude

As unidades tradicionais que se empregaban en Vilalba para medir cantidade de lonxitude son: legua, milla, braza, vara, cuarta e polgada. Hoxe case non se usan. Tan só uns poucos acoden a elas, á braza e á cuarta, sobre todo, cando precisan saber aproximadamente a cantidade de lonxitude que ten un determinado obxecto e non dispoñen de ningún instrumento de medida.

- **Legua.** Unha legua é a cantidade de lonxitude que se percorre nunha hora. No tocante a Vilalba, na actualidade non se utiliza, e aos maiores cústalles lembrarse dela. Porén, coinciden en que cando eran nenos si se utilizaba esta medida, sobre todo, para establecer a cantidade de lonxitude existente entre os núcleos de poboación. Neste concello, unha legua equivale a 5000 metros.
- **Milla.** Unha milla é a cantidade de lonxitude que equivale a 1000 pasos. Os romanos colocaron miliarios (pequenas columnas) para indicar a distancia en millas desde ese lugar ata Roma ou ata outras cidades importantes do Imperio. A milla usouse co mesmo fin que a legua, pero non foi tan importante. En Vilalba, unha milla equivale a 1400 metros.
- **Braza.** A equivalencia no Sistema Métrico Decimal que a braza ten neste concello é 1,67 metros. Non obstante, na práctica varía segundo a persoa, xa que unha braza é a cantidade de lonxitude entre os extremos das mans, cando os brazos están en cruz. Evidentemente, esa cantidade de lonxitude non é igual para todos. Cando se quería medir algo usando a braza como unidade, unha persoa colocaba o extremo do terceiro dedo no lugar onde había que comezar a medir. Cos brazos en cruz, sinalaba o sitio ao que chegaba co extremo do terceiro dedo da outra man. Esa cantidade de lonxitude era unha braza. A braza era empregada en varios contextos. Por exemplo: o carpinteiro para medir a madeira, o dependente para vender cordas, tecidos...
- **Vara.** A vara está feita de madeira e utilizábase para medir distancias. En Vilalba, unha vara é igual a 0,8 metros. O procedemento para medir utilizando a vara comeza no momento en que a vara, de pé, se coloca no inicio daquilo do que se quere coñecer a súa cantidade de lonxitude. Logo, a vara ponse en sentido horizontal, sobre o chan, coidando que non se desvíe o extremo que sinala o comezo do espazo que se medirá. Inmediatamente despois, a vara volve poñerse verticalmente con respecto ao solo, pero sobre o outro extremo. Ese espazo mide unha vara de lonxitude. O proceso repítese as veces que sexa necesario.

- **Cuarta.** Unha cuarta utilizada en Vilalba equivale no Sistema Métrico Decimal a 0,25 metros (aproximadamente a distancia entre os dedos primeiro e quinto cando a man está aberta). A cuarta tamén se emprega para medir cantidades de lonxitude, pero a diferenza das anteriores, esta non se axeita para a medición de grandes distancias, senón que se emprega para medir obxectos máis pequenos. As modistas e os xastres utilizaban moito a cuarta como unidade de medida para a confección das prendas de vestir. Como eran poucas as ocasións en que as teas medían un número exacto de cuartas, era necesario o uso doutra unidade: a polgada. Ademais, a cuarta era usada noutros eidos: para medir obxectos de madeira de menor tamaño cós que se medían coa vara, etc.
- **Polgada.** É a máis pequena deste grupo. Corresponde aproximadamente coa cantidade de lonxitude da falanxe distal do dedo polgar. No concello vilalbés, unha polgada era equivalente a 0,023 metros. Como quedou indicado ao falar da cuarta, un dos usos da polgada era medir con máis exactitude as teas, xa que a cuarta non ofrecía tanta precisión. Pero tiña outras finalidades: medir a cantidade de lonxitude de pequenos obxectos,...

b. Superficie

En Vilalba, as unidades tradicionais de medida que se empregaban para medir cantidade de superficie eran: **a fanega, o ferrado, o tego, a cuarta e o cuartillo**. Este último era o que menos relevancia posuía.

Fanega, ferrado, tego, cuarta e cuartillo son unidades relacionadas entre si. Unha fanega é igual a catro ferrados; un tego é a metade dun ferrado; unha cuarta, como o propio nome indica, constitúe a cuarta parte do ferrado; mentres que vinte e catro cuartillos equivalen a un ferrado.

O seguinte cadro establece a equivalencia de cada unha destas unidades no Sistema Métrico Decimal.

UNIDADE TRADICIONAL DE MEDIDA	EQUIVALENCIA NO SISTEMA MÉTRICO DECIMAL
Fanega	2184 m ²
Ferrado	546 m ²
Tego	273 m ²
Cuarta	136,5 m ²
Cuartillo	22,75 m ²

Con respecto ao ferrado, existe unha curiosidade en canto ao seu valor. No concello vilalbés, un ferrado equivale a 546 m². Porén, é frecuente que se diga que equivale a 525 m². Isto é debido a que nalgúns concellos circundantes (Cospeito, Xermade e Begonte), o ferrado equivale, efectivamente, a 525 m², valor, por certo, máis doado de lembrar ca 546 m².

O principal uso destas unidades de superficie é a medida das terras, empregando cada unha delas segundo a extensión que teñan as devanditas terras.

Se na actualidade as unidades tradicionais de lonxitude só se usan en contadas ocasións, das unidades tradicionais de superficie non se pode dicir o mesmo. No ámbito rural, a superficie das terras continúa sendo expresada en fanegas, ferrados,...

c. Masa

Cando era preciso coñecer unha determinada cantidade de masa, as persoas vilalbesas empregaban, fundamentalmente, estas unidades tradicionais de medida: **quintal, arroba, libra e onza**. No Sistema Métrico Decimal, quintal, arroba, libra e onza equivalen, respectivamente a: 50 kg, 12 kg, 0,5 kg e 0,25 kg.

O quintal, a arroba, a libra e a onza son pesos de ferro que serven para comparar a súa masa coa de outros obxectos ou alimentos. Esta comparación realízase a través de balanzas. As balanzas eran, principalmente de dous tipos: romana e a balanza con dous pratos.

A romana constaba de dous brazos, un longo no que se colocaba o peso (este peso había que movelo ó longo do brazo ata conseguir que este acadase unha posición horizontal), e outro curto, no que se colgaba o obxecto, alimento, ... do que se quería coñecer a cantidade de masa. Cando se conseguía o equilibrio dos brazos, é dicir, cando o brazo longo estaba totalmente horizontal, era o momento de comprobar a cantidade de masa do obxecto. E esa medida quedaba indicada no brazo longo (graduado), xusto no lugar no que se atopaba o peso. Hoxe en día, estas romanas son usadas polas xentes que desde os seus pobos, veñen á feira de Vilalba a vender os produtos que cultivan nos seus hortos.

O outro tipo de balanza era a que tiña dous pratos. Nun colocábase o obxecto, alimento, ... do que se quería calcular a cantidade de masa, e no outro, os pesos (por exemplo, onzas). Cando ambos os dous pratos se situaban á mesma altura, a balanza estaba equilibrada, o que quería dicir que a cantidade de masa dese obxecto era igual á cantidade de masa do peso ou dos pesos.

A continuación aparecen unhas fotografías destas balanzas, romana e de dous pratos, deterioradas polos anos e o uso:



d. Capacidade

As unidades tradicionais de medida para cantidade de capacidade, pódense clasificar en tres grupos, atendendo ao contido, que pode ser: líquido, árido ou sólido.

I Líquidos

En canto aos líquidos, hai que falar de varias unidades de medida: ola, cántara e cántaro, media ola, quartilla, cuartillo e canada.

- **Ola, cántara e cántaro:** equivalen a 16 l no Sistema Métrico Decimal. Empréganse para medir cantidade de capacidade, pero de distintos líquidos. En Vilalba, máis que a ola, adoitaban utilizarse a cántara e o cántaro. A cántara, para o viño, e o cántaro, para a auga, principalmente. A forma de medir era simplemente depositar o líquido correspondente no cántaro ou na cántara e, cando estes recipientes se atopaban repletos, sabíase que neles había 16 l de viño ou de auga.

- **Media ola:** era un recipiente cuxa capacidade equivalía á metade dunha ola, o que no Sistema Métrico Decimal eran 8 l. Estaba destinado ao mesmo uso que cá ola, cá cántara e có cántaro, e o procedemento de medir era igual.
- **Cuartilla e cuartillo.** Da cuartilla e do cuartillo pódese dicir que o uso e a finalidade eran idénticos aos das unidades anteriores. Pero existe unha diferenza fundamental: a capacidade, xa que a cuartilla equivale a 4 l no Sistema Métrico Decimal, e o cuartillo a 0,5 l. Tanto a ola, o cántaro, e a cántara, como a media ola, a cuartilla e o cuartillo, case sempre eran dun mesmo material: o barro.
- **Canada:** equivale, ao igual cá cuartilla, a 4 l no Sistema Métrico Decimal, pero empregábase para o leite, no momento de muxir as vacas. Xeralmente, era de latón.

Ademais destas unidades, cómpre dicir que a sella era un recipiente que se empregaba para transportar e gardar auga. As **sellas**, normalmente estaban feitas de madeira e aros de metal e utilizábanse para gardar a auga que se ía recoller ás fontes cando nas casas aínda non chegara a auga corrente.



II. Áridos

Se para os líquidos se falaba de ola, cántara, cántaro, media ola, cuartilla, cuartillo e canada, para os áridos, hai **a fanega, o ferrado, o tego e o cuarto ferrado**. Son recipientes nos que se botaba o gran. Unha vez baleirado adoitaba pasarse un rolo para rasar coa finalidade de medir cunha maior exactitude.

O ferrado é, quizais, a máis importante destas unidades. A cantidade de gran que pode conter varía segundo o tipo de cereal, porque non todo o gran ten a mesma densidade. Por exemplo: un ferrado de trigo contén 14 kg (valor no Sistema Métrico Decimal); un ferrado de centeo, 13 kg; e un de millo, 15 kg.

Tendo en conta estes valores, pódense calcular para as outras unidades, sabendo que unha fanega é igual a catro ferrados, un tego, a medio ferrado, e o cuarto ferrado, á cuarta parte dun ferrado. A seguinte táboa amosa as equivalencias destas unidades no Sistema Métrico Decimal, atendendo ao tipo de gran.

Unidade tradicional de medida	Equivalencia no Sistema Métrico Decimal segundo o tipo de gran		
	Trigo	Centeo	Millo
Fanega	56 kg	52 kg	60 kg
Ferrado	14 kg	13 kg	15 kg
Tego	7 kg	6,5 kg	7,5 kg
Cuarto ferrado	3,5 kg	3,25 kg	3,75 kg

Deseguido, engádese unha fotografía. É dun tego cun rolo na súa parte superior, lugar por onde o había que pasar para rasar. A súa forma é igual á da fanega, á do ferrado e á do cuarto ferrado. Varían as dimensións. Apréciase que ten unha asa e que a súa forma é axeitada para baleirar o seu contido noutro lugar, como de feito se facía co gran para levar ao muíño nun saco.



III. Sólidos

En Vilalba, as unidades tradicionais de capacidade para os sólidos son varias, dependendo do tipo de sólido.

En tempos de malas colleitas, tras unha guerra, ou debido a outras causas, se non había suficiente centeo ou millo, acudíase ás fabas para levar ao muíño e obter fariña para elaborar pan. A cantidade de fabas que se levaban medíase do mesmo xeito cós áridos. Hai que ter presente que nun ferrado caben 13 kg de fabas.

Para outros produtos, as unidades de medida empregadas eran outras. Por exemplo, as seguintes:

- **Brazado:** chámase brazado á cantidade de herba, leña,... que unha persoa colle con ambos os dous membros superiores.
- **Saco.** De 5 kg, 10 kg, 20 kg, 50 kg,... os sacos están construídos, principalmente, de estopa ou outra tea. Os sacos utilízanse para as patacas e as castañas, entre outros produtos.
- **Feixe:** utilízase, aínda na actualidade, para a herba. Tras segala, xuntábanse dous ou tres brazados, é dicir, un feixe, e atábase con palla ou con xuncos.
- **Mada:** Nos días de feira, pódense contemplar e mercar eses lotes de nabizas ou de grelos amarrados cun cordel feito de xuncos, que traen das súas casas maiormente as mulleres. Eses lotes chámanse madas.
- **Manoxo.** O manoxo é unha unidade de medida que se usa para algunhas hortalizas, como os grelos ou as verzas e para o pirixel, de menor capacidade ca anterior. Un manoxo era o que cabía nunha man. Non se pode falar dun número exacto, por exemplo, de verzas, que se inclúen nun manoxo, xa que hai que ter en conta o tamaño das hortalizas.
- **Restra.** As restras son trenzas de diversos tamaños que se elaboran con allos ou cebolas, principalmente. Vémolas fotografiadas nun posto da feira xunto dunha romana:



Nos mercados, estas eran, e aínda son, algunhas das unidades de medida máis importantes. Os prezos establécense en función destas unidades. Por exemplo, unha mada de grelos ou nabizas pode custar hoxe 1 € ou 1,5 €. Outros produtos vendíanse (e séguense a vender) por ducias (como os ovos), ou por unidade (como é o caso das leitugas ou os repolos). Venda de produtos nun mercado semanal:



e. Tempo

O concello vilalbés non se caracteriza pola utilización de unidades tradicionais de medida para calcular cantidades de tempo. Os habitantes medían e seguen medindo o tempo atendendo ao segundo, ao minuto, á hora, ao día, á semana, ao mes, ao ano, ... Non existían outras unidades.

O reloxo de sol foi utilizado antes dos de péndulo e dos de pulseira. Non hai cen anos, aínda moita xente acostumaba fiarse do Sol para saber que momento do día era, incluso sen dispoñer dun reloxo de Sol. Sabíase pola sombra dos obxectos, e pola situación do astro no ceo. Eran bastantes os que comezaban a adquirir reloxos de péndulo, aínda que non de pulseira.

f. Diñeiro

Ata o século XIX, non existiu en España ningún Sistema Monetario. Antes desa data si había moedas, como o marabedí, pero non un Sistema Monetario propiamente dito. En 1833, Isabel II, estableceu o dobrón como unidade do Sistema. Era unha moeda de prata cun valor de 100 reais. En 1854, o dobrón foi substituído polo real (que se podía dividir en 100 céntimos), e dez anos despois, o real sería cambiado pola peseta, a cal se mantería ata a súa desaparición en marzo do 2002, coa implantación do euro.

Galicia e, polo tanto, Vilalba, adaptouse a ese Sistema Monetario. Así pois, non se pode falar de unidades de medida particulares para o diñeiro na zona de Vilalba. Porén, si se pode facer referencia a denominacións habituais da xente vilalbesa á hora de falar de diñeiro:

- Peso: equivalente a 5 pesetas. Aínda hoxe, desaparecida a peseta, moita xente segue pensando os prezos en pesos.
- Cadela: era igual a 5 céntimos de peseta. Na actualidade séguese facendo referencia á cadela con expresións como: “non vale unha cadela”, que significa que é de moi pouco valor.
- Real: equivalente a 25 céntimos ou a 5 cadelas. Antano, era moi usada nas feiras, ao igual có peso.

Velái algunhas das moedas mencionadas:



CONCLUSIÓNS

De todos os traballos que o profesorado encarga ao alumnado na Escola Universitaria de Formación de Profesorado, é este un dos poucos nos que a información é difícil atopala en fontes escritas. Polo tanto, cómpre falar coa xente, preguntar, escoitar, investigar,...

Extraer a meirande parte da información de fontes orais ten vantaxes e inconvenientes. Por unha banda, está o simple e enriquecedor feito de conversar con outras persoas. Neste caso, persoas maiores, principalmente, que se esforzaron para conseguir lembrar aquilo que se lles solicitou. Séntese unha gratitude inmensa ao recibir un tratamento tan caloroso e cordial, ademais de poder participar da sabedoría destas persoas, enorme debido aos moitos anos de experiencia.

Pola outra banda, atópanse os inconvenientes. Son, principalmente, dous. O primeiro, é que se non se coñecen persoas dispostas a ofrecer a información para o traballo, a súa elaboración resultará moi difícil. O segundo inconveniente consiste na falta de precisión dalgúns datos e na necesidade de contrastar toda a información para comprobar que é correcta, xa que se atopa retida na memoria, e esta, ás veces, pode fallar. Por iso, o feito de contrastar garante que a información non é errónea.

Valorando vantaxes e inconvenientes, pódese dicir que os inconvenientes quedan minguados grazas ás vantaxes.

En canto ao propio tema do traballo, hai que sinalar que existe o risco de que esa riqueza e eses costumes acaben por desaparecer, ou polo menos, queden esquecidos totalmente, xa que practicamente non existen fontes escritas que conteñan información sobre as unidades tradicionais de medida da zona de Vilalba. En ser da zona de Vilalba atópase a cuestión, porque se existise unha uniformidade destas unidades de medida en toda a provincia, ou na totalidade do espazo galego, quizais os documentos, libros,... sobre o tema xa serían máis. Pero a realidade é que as unidades tradicionais de medida varían dunhas zonas a outras. Por exemplo, o ferrado (unidade tradicional de medida para calcular cantidade de superficie) equivale en Vilalba a 546 m² no Sistema Métrico Decimal; en Xermade, a 525 m², en Xove, a 725 m², en Lugo, a 436 m²,...

O feito de que estas unidades case non se usen ten o seu lado positivo, xa que os importantes avances científicos non se terían dado de non dispoñer dun Sistema de Unidades de Medida coñecido polas persoas da maioría dos países. Pero, ao existir unhas normas universais, as investigacións científicas xa non se atopan cos problemas que habería de carecer delas.

Evidentemente, entran en xogo moitos outros factores, pero dispoñer de maneira global dunhas unidades de medida é unha das causas do rápido progreso da ciencia, que ten repercusións na vida das persoas, facilitándoa. Ademais, o uso das unidades de medida do Sistema Internacional permite acadar uns resultados moito máis precisos que coas unidades tradicionais, porque ao usar estas, as medicións dependen, a miúdo, de cada persoa.

Mirando isto desde a perspectiva da riqueza do patrimonio galego, a valoración xa non é a mesma, pois, como quedou sinalado anteriormente, existe o perigo de que as UTM desaparezan, debido a que as poucas persoas que as seguen utilizando son maiores e o seu uso practicamente non se estendeu ás novas xeracións.

En fin, as unidades tradicionais de medida en Vilalba atópanse, en xeral, esquecidas. Tan só no eido rural hai persoas maiores que as seguen empregando. Por estes motivos, existe o risco de que desaparezan, o que constituiría, sen dúbida, unha enorme perda para o patrimonio galego.